

## ***CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE BONOS DE USO OU ABONOS DAS INSTALACIÓNS A DEPORTISTAS DA SECCIÓN DEPORTIVA***

### **BONOS DE USO**

---

Para adestramentos fóra das horas da escola e realización de actividades físicas coa finalidade de mellorar a destreza e a condición física na práctica deportiva de que se trate os deportistas pertencentes á Sección Deportiva da USC, modalidade tenis, poderán acadar bonos de uso das pistas de tenis ou abonos para acceso á sala de acondicionamento físico nos seguintes supostos:

1. Aqueles que cumpran os seguintes requisitos:
  - a. Ter participado na tempada anterior polo menos na metade das xornadas de competición representando á USC. En caso de non poder participar na anterior por lesión na última que non estivo lesionado/a
  - b. Estar inscrito/a nalgún dos grupos de tenis nivel experto durante o curso 2024-2025.
  - c. Estar inscrito/a no equipo que compita nalgún dos tres primeiros niveis da liga galega da súa categoría.
2. Ademais das anteriores, os xogadores/as de nova incorporación, deben estar entre os 10 primeiros rankings dos que ese ano compoñan a sección.

### **BONOS DE SAF**

---

Poderán obter bonos de SAF aqueles deportistas que, reunindo os requisitos anteriores, o técnico responsable considera imprescindible o uso da SAF para a súa evolución.

Esta solicitude deberá ir acompañada dunha explicación motivada pola cal o usuario ten dereito a este bono para mellorar a proxección prevista.

Asemade deberá acompañar esta solicitude motivada cunha programación das actividades a realizar no ximnasio.